



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 07/2026

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA 26 DE XUÑO DO 2026.

En Ordes, a 26 de xuño do 2026.

Na Sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria, a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs/as. Concelleiros/as.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONIO CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D^a. MARIA VIEITES CALVO.
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVARDE REY
- D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA

Non asiste:

- D^a. MARÍA MARTÍNEZ VIEITES

Asiste a Sra. Secretaria Corporación, en réxime de acumulación, D^a. Marta Vázquez Garea, que dá fe do acto. Está presente na sesión o Sr. Interventor D. Javier Siro Suárez Rodríguez.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás 18:00 h previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

Antes de comezar coa orde do día, o presidente da sesión indica que xa se gardou un minuto de silencio ás 12 do medio día e solicita agora un aplauso da Corporación en solidariedade coa traxedia sufrida en Venezuela a consecuencia dos terremotos.

A corporación municipal de Ordes dá un aplauso.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 28 de maio de 2026, cuxas minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo isto ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria, de data 29 de abril de 2026, resultou aprobada por maioría de quince votos a favor (9 PP, 5 BNG e 1 do PSOE) e unha abstención da concelleira do PSOE M^a Concepción Berdomás, por non asistir a esa sesión, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde infórmase do seguinte:

Con motivo da aprobación da liquidación dos orzamentos municipais de 2025 informouse que ao resultar que a mesma non cumpría coa regra de gasto debía formularse por esta Corporación un Plan económico-financeiro.

Estando a elaborarse o dito plan, Con data 3 de xuño publícase no Boletín Oficial do Estado o Real Decreto-lei 13/2026, do 2 de xuño, polo que se adoptan medidas relativas aos recursos dos sistemas de financiamento territorial, que permite que cando o incumprimento da estabilidade e/ou a regra de gasto na liquidación do exercicio 2025 sexa derivado da utilización de remanente de tesourería non se teña que elaborar o citado plan, sempre e cando se cumpra coa normativa de morosidade.

Con data 5 de xuño de 2026 a intervención municipal emite informe no cal sinala que se dan as condicións polas cales o mencionado Real decreto exime a este Concello da elaboración do mesmo.

Por conseguinte, e dado que se tiña informado ao Pleno que debía elaborarse o mesmo é polo que, con motivo do citado cambio normativo, infórmase ao dito órgano que non é preciso levalo a cabo.

3. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 29 de abril de 2026, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

4.- APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO MUNICIPAL 2026.

Pola Presidencia expónse o punto nos seguintes termos:

Preséntanse neste Pleno os orzamentos municipais do Concello para o exercicio en curso, que ascenden á contía de **17.283.620,05 €** en ingresos e gastos, o que supón un incremento do 27,22% respecto aos do exercicio anterior.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

O dito incremento ven sustentado en que ano tras ano vese como o Concello de Ordes ven presentando superávit orzamentario e resultado orzamentario positivo, o que trae como consecuencia que o remanente líquido de tesourería veña sendo maior ano tras ano (acadando o importe de case sete millóns de euros, un 39% superior ao do exercicio anterior).

A maior previsión dos ingresos que permiten o incremento do gasto explícase axeitadamente no informe económico financeiro que se achega co expediente orzamentario, amparándose basicamente na previsión de maiores ingresos polos motivos seguintes:

- Polo incremento nas previsións da Participación nos tributos do Estado, que pasan dunhas previsións iniciais no 2025 de 3.270.523,97 € a 3.832.425,10 € no 2026 (un 17,18% superiores). Cabe sinalar que a dita contía para o 2026 é a xa aprobada para as entregas a conta, á espera do que poida pasar coa liquidación definitiva correspondente.
- O incremento agardado no ICIO como resultado da aprobación do PXOM en decembro do ano 2023, novas vivendas, construcións no parque empresarial, e con cando menos dúas novas superficies comerciais importantes que se farán efectivas a moi curto prazo (anos 2026 e 2027).
- A previsión da taxa por recollida de RSU, na cal non só se ten en conta o efecto da aprobación da súa modificación, senón que estase a facer unha regularización de feitos impositivos que non viñan tributando, de xeito que se garanta a igualdade de toda a veciñanza respecto das súas obrigas coa facenda local.
- Os ingresos estimados derivados da construción dunha nova fila de panteóns no cemiterio municipal.
- As maiores achegas doutras administracións, tanto da Xunta como da Deputación, froito da xestión deste equipo de goberno municipal e dos técnicos municipais a hora de acadar numerosas subvencións (tanto en concorrencia competitiva como na non competitiva).

Con carácter previo á explicación das características máis significativas dos mesmos entendo que cabe explicar dalgún xeito as razóns polas cales produciuse a tardanza na presentación dos mesmos, aínda que sexa de forma moi resumida.

Como todos vos saberedes os últimos orzamentos xerais do Estado que foron aprobados no Congreso dos Deputados datan do exercicio 2023, isto é, na anterior lexislatura. A estas alturas de exercicio, de feito, polo goberno anunciouse que renunciaba á presentación dos mesmos, incumprindo o mandato constitucional do artigo 134 da C.E.

As Leis de orzamentos xerais do Estado teñen unha influencia notable sobre a estimación dos orzamentos de todas as administracións, entre elas os municipios, aínda que só sexa polos motivos que de seguido tentaremos explicar.

Polo lado dos ingresos a Participación nos Tributos do Estado ven supoñendo un dos ingresos cuantitativamente máis importantes non só deste Concello senón de todos os entes municipais e autonómicos. No caso do noso Concello supuxo o 30,13% da totalidade dos ingresos correntes no exercicio pasado.

O ano pasado pola propia Ministra de Facenda sinalouse que se incrementarían nun 8,7% o total de participación.

En decembro de 2025 a Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais publicou as cifras previstas no anteproxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2026, das entregas a conta para as entidades locais no modelo de variables. Aínda que poderíase prever a actualización das mesmas nese importe considerouse conveniente agardar á aprobación dun Real Decreto para actualizalas; era prudente agardar á súa actualización pois,



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

de orzar por riba das previsións pode dar lugar a déficit e, no caso contrario, pasaría unha parte a formar parte do remanente de tesourería que non pode ser utilizado, toda vez que polo goberno tampouco se adoptara a medida de permitir facer investimentos financeiramente sostibiles.

Con data 3 de xuño de 2026 publicouse o Real Decreto-lei 13/2026, do 2 de xuño, polo que se adoptan medidas relativas aos recursos dos sistemas de financiamento territorial, con base no cal foron comunicadas as cifras das entregas a conta por Concello.

A maiores, con este Real Decreto fanse realidade aspiracións demandadas dende fai anos tanto polas entidades locais como polas súas organizacións representativas, cal é o caso da FEMP.

Por unha banda permite que non sexa necesaria a aprobación de plans económico-financeiros nos exercicios 2026 e 2027 por incumprimento da estabilidade ou a regra de gasto nas liquidacións dos exercicios 2025 e 2026, respectivamente, sempre e cando o dito incumprimento sexa consecuencia da utilización do remanente de tesourería.

Toda vez que o Concello se atopaba nesta situación estivéronse a realizar os cálculos para a presentación dun plan que xa non é necesario, o que consumiu moitas horas de traballo no departamento de intervención, ao impedir segundo os cálculos que o gasto do Concello nestes exercicios acadara un nivel coherente co que é realmente posible.

Por outra banda vainos permitir destinar o superávit a investimentos financeiramente sostibiles ao cumprir este Concello os condicionantes que impón. Proposta de IFS que trataremos de aprobar no pleno de xullo: con inversións en mellora de accesibilidade universal, humanizacións, extensións de abastecemento municipal e novas sendas.

Como consecuencia, temos que dicir que afortunadamente neste caso retrasáronse os orzamentos municipais para o exercicio, pois de non ser así o PEF tería sido realizado dando como resultado máis que probable unha non disposición de créditos no exercicio 2026 e hipotecando o exercicio 2027, de xeito que o gasto a poder realizar sería moi inferior ao que realmente permite a boa saúde económica do Concello, seguindo a incrementar o remanente de tesourería en porcentaxes importantes sen atender a necesidades da veciñanza.

Por parte da Xunta de Galicia, se ben aprobaron os seus orzamentos en prazo e incluso adiantaron parte da información sobre o Fondo de Cooperación Local, a pesar de que cada ano sacan as convocatorias de subvencións con maior axilidade, é conveniente retrasar un pouco os orzamentos municipais para poder ter créditos necesarios para cubrir a parte municipal das mesmas e limitar no máis posible as modificacións de crédito.

A maiores do sinalado e que son causas externas ao Concello, todos somos coñecedores da escaseza de persoal municipal á que engádese a multitude de informes e información que debe ser remitida ás distintas administracións (en particular ao Ministerio de Facenda) e retardan o día a día do funcionamento municipal.

Unha vez explicadas as causas que xustifican e motivaron o retraso na tramitación dos orzamentos pasaremos a analizar os mesmos.

Os orzamentos municipais, como xa dixemos, se incrementan nun 27,22% respecto aos do exercicio anterior.

Non se inclúen nos mesmos os gastos e ingresos derivados dos expedientes de incorporación de remanentes de créditos (4.556.103,63 €), polo que se suma a dita cantidade aos créditos iniciais e as previsións iniciais dos mesmos.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Sendo por tanto unha cifra histórica total de 21.839.723,68 euros.

Respecto aos gastos de persoal incrementáanse nun 13,26% derivados da modificación da RPT levada a cabo en decembro de 2025, a aplicación do disposto no Real Decreto-Lei 14/2025, do 2 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, do cálculo da antigüidade do persoal e do incremento derivado do persoal subvencionado por outras administracións (Escola obradoiro, APROL, PEL, etc.)

Respecto aos gastos en bens correntes e servizos continuarase a normalizar a contratación de servizos e subministracións municipais, procedéndose ao remate dos contratos que aínda non foron obxecto de adxudicación (cal é o caso das dúas escolas infantís municipais, dotándose créditos en función dun estudo encargado e incluíndo as indemnizacións á contratista que actualmente presta o servizo polos importes resultantes de ter máis gastos xustificadas que ingresos polo que recoñécense co acto de aprobación dos orzamentos os ditos créditos).

Agárdase, así mesmo, regularizar a situación dos contratos de subministración de enerxía eléctrica (xa en proceso de adxudicación) e de pellets para a piscina municipal, dotándose os créditos precisos para os citados contratos.

Respecto á regularización na contratación do servizo de limpeza viaria e recollida de RSU, temos que sinalar que agárdase que poida estar resolto xa a finais do exercicio ou como moito comezos do vindeiro, unha vez que está a ser ultimado un expediente que foi de tramitación moi complicada. De feito nos orzamentos recóllense créditos suficientes para a súa licitación inminente.

No capítulo 3 (xuros) son insignificantes toda vez que xa foi amortizada a totalidade da débeda bancaria do Concello neste exercicio.

Respecto ás transferencias correntes é de destacar a achega á Mancomunidade, por importe de 657.053,58 €, que diminúe lixeiramente ao incrementarse o prezo que aboa a Xunta de Galicia pola hora do SAF (pasando de 12 a 16 euros/hora). Amplíanse as liñas de subvencións e convenios dos anos precedentes.

En canto aos investimentos recóllense sobradamente explicados no anexo de investimentos, estimando uns gastos totais de 4.959.125,87 €, aproveitando o máis posible as distintas liñas de subvencións doutras administracións e achegando o Concello 1.884.696,58 € de fondos propios municipais.

Cabe destacar no apartado de investimentos a maiores do POS+2025 AD4 e o POS+2026 aprobados cos únicos votos a favor deste goberno e que posibilitarán inversión na maioría das parroquias, atendendo demandas da veciñanza, as seguintes actuacións:

- Financiación do Hurbe da praza do Mesón do Vento
- Actuacións nas redes de abastecemento e saneamento
- Reforma vestiarios na cidade deportiva de Vista Alegre
- Adquisición de miniexcavadora e remolque
- Punto de recarga eléctrico co Moves III nas inmediacións do Concello e parque municipal
- Mellora no local social de Adrán
- Numeración dixital do termo municipal, como fase previa a sinalización integral de lugares
- Implantación dunha sala de lectura anexa a biblioteca
- Adecuación interior do edificio principal da Estación



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Non se solicitará ningún crédito e amortizarase débeda polo importe dos Plans provinciais para o dito fin, de feito como xa se sospeitaba, a dita débeda non terá que ser devolta polo Concello.

A continuación intervén a concelleira do PSOE, Noelia Rivadas:

Para comezar gustárame facer unha reflexión especial e é a forma na que este Goberno entende a planificación económica do Concello.

Hoxe estamos debatendo os orzamentos municipais de 2026... a finais do mes de xuño. É dicir, cando xa transcorreu a metade do exercicio económico. Resulta difícil defender que unhas contas aprobadas nestas datas poidan servir como un verdadeiro instrumento de planificación e programación da acción de goberno.

E o máis preocupante é que non existe ningunha excusa que o xustifique.

Mentres tanto, outros concellos da contorna aprobaron os seus orzamentos con moita máis antelación:

- Oroso, gobernado tamén polo Partido Popular con maioría absoluta, aprobou os orzamentos no mes de novembro de 2025.
- Mesía, con maioría absoluta do PSOE, publicou definitivamente os seus orzamentos no BOP o 4 de marzo de 2026.
- Cerceda, tamén gobernado polo PSOE con maioría absoluta, aprobounos durante o mes de febreiro de 2026.
- Trazo, gobernado polo Partido Popular, fíxoo en marzo de 2026.
- Frades, igualmente gobernado polo Partido Popular, tamén contou cos seus orzamentos aprobados no mes de marzo de 2026.

O Señor Alcalde tamén nos quixo poñer á cola nesta cuestión.

Xa entrando máis ao contido, a documentación que acompaña ao proxecto de orzamentos demostra que unha cousa é que un orzamento estea equilibrado desde o punto de vista contable e outra moi distinta é que responda aos problemas estruturais do municipio e ás necesidades reais da veciñanza.

A conclusión é clara: estamos ante un orzamento que carece dunha visión estratéxica para o futuro de Ordes.

O primeiro aspecto que queremos destacar é a elevada dependencia financeira doutras administracións. Dos 17.283.620 euros previstos para 2026, máis de 9,4 millóns proceden de transferencias da Xunta de Galicia, do Estado e da Deputación. Máis da metade dos recursos cos que contará o Concello non son xerados pola propia economía do municipio, senón que dependen do financiamento externo.

Esta realidade está directamente relacionada coa principal debilidade que revelan os propios informes económicos: a escasa fortaleza do tecido produtivo de Ordes.

A previsión de ingresos polo Imposto sobre Actividades Económicas ascende unicamente a 204.000 euros, apenas o 1,2 % do orzamento municipal. Pola contra, o IBI urbano supera os 2,5 millóns de euros, o imposto sobre vehículos sitúase en 642.000 euros e a taxa do lixo supera o millón de euros. Estes datos evidencian que a capacidade recadatoria do Concello descansa fundamentalmente nas familias e nos fogares, mentres a actividade económica e industrial continúa tendo un peso reducido.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

A comparación con Cerceda resulta especialmente ilustrativa. Cunha poboación inferior á metade da de Ordes, recadou o pasado ano 986.064,74 euros en concepto de IAE, case cinco veces máis ca Ordes, e ambos concellos manexan para 2026 un orzamento moi semellante, arredor dos 17 millóns de euros. Isto demostra que a diferenza non está no número de habitantes, senón na capacidade para atraer actividade económica, industria e emprego. Cinco veces máis IAE con menos da metade da poboación é o mellor indicador da distancia que existe entre ambos modelos de Concellos.

Á conclusión é clara: este goberno non é quen de dinamizar a actividade comercial e industrial do Concello.

Fronte a este diagnóstico, o orzamento non ofrece unha resposta clara. As partidas destinadas ao desenvolvemento empresarial, ao comercio ou á promoción económica teñen un peso moi reducido, mentres o groso do investimento concéntrase en actuacións urbanísticas e de pavimentación.

Tampouco atopamos unha aposta decidida pola mellora das instalacións deportivas, a sinalización, a seguridade viaria, a accesibilidade ou o saneamento e o abastecemento. Como pode un goberno local destinar 30.000 euros a abastecemento cando temos un grao de execución da rede ridículo? Do mesmo xeito, seguen sen contemplarse mantementos en accesos e pistas das parroquias que levan anos sendo demandados pola veciñanza.

É certo que, por primeira vez, goberno incorpora unha liña de axudas para as ANPAS. Con todo, a dotación prevista apenas supón arredor de 2.400 euros por entidade, unha contía claramente insuficiente para asociacións que están asumindo servizos fundamentais para a conciliación da vida familiar e laboral, dos que o Concello se desentende completamente. Se recoñecen a labor das ANPAS, dótenas dos fondos necesarios para executar estes programas.

Por todos estes motivos presentamos unha emenda, de mínimos, aos orzamentos.

As nosas emendas reforzan actuacións concretas en abastecemento, accesibilidade, infraestruturas viarias, instalacións deportivas, centros educativos, seguridade viaria e servizos públicos básicos. Son investimentos distribuídos entre a vila e as parroquias, que responden a demandas reiteradas da veciñanza durante esta lexislatura e que se financian mediante unha reasignación de partidas xenéricas, mantendo plenamente o equilibrio orzamentario.

No remate da súa intervención, manifesta que o seu partido presentou unha emenda de mínimos que pasa a ler:

O Grupo Municipal Socialista considera que o proxecto de Orzamentos Municipais para o exercicio 2026 non responde de maneira suficiente ás necesidades reais da veciñanza nin ás demandas trasladadas durante os últimos anos a través dos distintos órganos de participación e control municipal.

Continúan sen contemplarse actuacións prioritarias en materia de abastecemento, accesibilidade, seguridade viaria, infraestruturas deportivas, mellora dos centros educativos e mantemento da rede viaria municipal. Moitas destas cuestións foron obxecto de reiterados rogos e preguntas ao longo da presente lexislatura, sen que se teñan producido avances significativos nin se recollan solucións concretas no proxecto orzamentario presentado.

Do mesmo xeito, considérase necesario reforzar a atención ás necesidades das parroquias e aos servizos públicos básicos, apostando por investimentos que respondan a problemas reais e identificados pola veciñanza, fronte a partidas de carácter máis xenérico ou sen unha actuación concreta claramente definida.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

A presente emenda ten por finalidade incorporar actuacións que contribúan á mellora da calidade de vida da cidadanía, reforzando a seguridade viaria, a accesibilidade universal, o abastecemento de auga, as instalacións deportivas e educativas e a conservación dos espazos públicos municipais.

As actuacións propostas responden a demandas formuladas de maneira reiterada durante a presente lexislatura e distribúense entre a vila e as distintas parroquias, procurando unha maior cohesión territorial e unha utilización máis eficiente dos recursos municipais.

Para garantir o equilibrio orzamentario, as novas dotacións financeiras propostas compensaranse mediante a minoración parcial de créditos consignados en partidas de gasto corrente e en investimentos de carácter xenérico, sen afectar a actuacións singulares xa comprometidas nin a proxectos financiados por outras administracións.

Por todo o exposto, preséntase a seguinte emenda ao proxecto de Orzamentos Municipais para o exercicio 2026.

1) ALTA DE CRÉDITOS

ÁREA	ACTUACIÓN	IMPORTE (€)
Medio Ambiente e Servizos Públicos	Creación e reparación de illas de residuos na vila e nas parroquias	5.000
	Axardinamento e mellora estética da glorieta do Campo da Feira	1.500
	Mellora e acondicionamento da pista de Fosado (43,03974° N, 8,44412° O)	20.000
	Mellora e acondicionamento da pista de Tralorrío (Mercurín)	20.000
		20.000
	Humanización da Travesía do Ceidón	20.000
	Mellora da sinalización viaria e informativa na vila e nas parroquias	5.000
	Instalación de sistemas luminosos de advertencia nos pasos de peóns	3.000
	Instalación e mellora de marquesiñas e paradas de autobús do centro da vila	3.000
Abastecemento e Auga	Incremento da partida de investimentos en abastecemento para reforzar a extensión e mellora da rede municipal	70.000
Accesibilidade	Redacción e execución dun Plan Municipal de Accesibilidade Universal	10.000



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Deportes	Mellora das instalacións da piscina climatizada e do ximnasio Iván Raña, incluíndo a habilitación de vestiarios para traballadores e familias usuarias Mellora das instalacións da piscina exterior do Muíño	30.000
		10.000
	Actuacións para a eliminación dos problemas de condensación nos pavillóns municipais	30.000
ÁREA	ACTUACIÓN	IMPORTE (€)
Educación	Execución dunha cuberta para o patio da zona de Educación Infantil do CEIP Mesón do Vento	15.000
	Mellora do firme e da zona de recreo do CEIP Castelao	15.000
TOTAL ALTAS		262.500

2. BAIXA DE CRÉDITOS

CAPÍTULO II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS

PARTIDA	IMPORTE (€)
Reparacións, mantemento e conservación	-157.500
TOTAL BAIXA CAPÍTULO II	-157.500

CAPÍTULO VI. INVESTIMENTOS REAIS

PARTIDA	IMPORTE (€)
Pavimentación de vías públicas. Investimento de reposición de infraestruturas	-40.000
Recollida de residuos. Outros investimentos para o funcionamento operativo dos servizos	-10.000
Parques e xardíns. Outros investimentos	-15.000
Xestión do patrimonio. Outros investimentos	-10.000
Adquisición de terreos	-30.000
TOTAL BAIXA CAPÍTULO VI	-105.000

RESUMO ECONÓMICO

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Total Altas	262.500
Total Baixas Capítulo II	-157.500



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Total Baixas Capítulo VI -105.000

Total Baixas -262.500

Saldo Final 0

En relación á emenda o presidente da sesión solicita a intervención do interventor municipal sobre a legalidade da mesma o ca se pronuncia do seguinte xeito:

“La Orden EHA/3565/2008, de 3 de diciembre, por la que se aprueba la estructura de los presupuestos de las entidades locales señala que los estados de gastos de los presupuestos de las entidades locales se clasificarán con los siguientes criterios:

a) Por programas.

b) Por categorías económicas.

c) Opcionalmente, por unidades orgánicas. No es el caso de nuestro ayuntamiento.

Las aplicaciones presupuestarias vienen definidas por la conjunción de las clasificaciones por programas y económicas, en los niveles de grupo de programa y concepto.

En la enmienda se propone, entre otras cosas la baja de créditos en el capítulo 2, partida reparaciones, mantenimiento y conservación. Esa partida no existe puesto que se refiere al artículo 21 de la clasificación económica de los presupuestos según la orden citada, que incluye los siguientes conceptos:

Concepto 210. Infraestructuras y bienes naturales.

Concepto 212. Edificios y otras construcciones.

Concepto 213. Maquinaria, instalaciones técnicas y utillaje

Concepto 214. Elementos de transporte.

Concepto 215. Mobiliario

Concepto 216. Equipos para procesos de información

Concepto 219. Otro inmovilizado material

A mayores, para que fuera una aplicación presupuestaria no sólo se tiene en cuenta la clasificación económica sino la clasificación por programas.

Así, en el presupuesto que se presenta, las aplicaciones presupuestarias que se incluyen en el artículo 21 son:

1532.210.00

161.210.00

170.210.00

171.210.00

164.212.00

323.212.00

3321.212.00

333.212.00

342.212.00

920.212.00

933.212.00

132.213.00

133.213.00

165.213.00



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

170.313.00
171.213.00
342.213.00
920.213.00
132.214.00
135.214.00
920.214.00
920.216.00

Se trata de gastos corrientes necesarios para el funcionamiento de los servicios y han sido calculados según los contratos vigentes y/o los gastos que vienen siendo habituales y necesarios.

Aparte de no definir de cuál de las aplicaciones presupuestarias quieren disminuir el gasto, lo cierto es que el hacerlo impediría cumplir con compromisos adquiridos por el ayuntamiento y efectuar las reparaciones necesarias y el mantenimiento, por ejemplo, de las instalaciones eléctricas municipales, de los vehículos, la maquinaria y demás instalaciones municipales (piscina, etc).

Respecto a los importes de altas de créditos no se justifican los importes señalados."

Turno agora para o voceiro do BNG, Pablo Vidal:

"Como ven sendo habitual, o goberno municipal de Ordes trae os presupostos municipais para o seu debate xa pasado o ecuador do ano en curso, polo que case poderíamos estar a falar dunha conta de resultados mais que dun presuposto.

O caso de Ordes onde un goberno en maioría absoluta, que pode aprobar calquera cuestión simplemente cos seus votos favorables, decide traer as contas a estas alturas do ano, contrasta totalmente con outros casos, como o concello de Carballo que aprobou os presupostos para o ano 2026 en decembro do ano 2025, ou xa na nosa propia comarca, o caso de Oroso que aprobou os presupostos en novembro do ano 2025.

Si que existiu un caso, en novembro de 2018 no que este goberno trouxo a aprobación dos presupostos municipais do ano 2019 na data na que debería levarse a cabo, pero o certo é que só aconteceu unha vez nos 11 anos que xa pasaron desde que o alcalde e o PP accederon ao goberno municipal aló polo ano 2015.

O presuposto que nos traen hoxe ascende á cantidade de 17.283.620,05 €, un 27% superior aos do ano 2025 (13.585.428,97 €). ¿E a que se debe esta suba?

Por unha banda, temos os efectos da suba da taxa do lixo aprobada polo goberno municipal no ano 2024, onde de prever recadar 583.598,46 € no ano 2025 (segundo o exposto no informe económico financeiro), pásase a unha previsión de recadación no ano 2026 de 1.045.000 €.

Tamén computa un ingreso de 632.000 € pola venda da parcela do antigo karting e unha liquidación pendente da parte do imposto non bonificada á autoestrada AP-9 no ano 2023 (do 18 de agosto ao 31 de decembro), por importe de 159.284,03 €.

Así mesmo, tamén compre facer referencia ás transferencias procedentes doutras administracións públicas, en concreto:

- As achegas do estado ascenden a 3.846.698,98 € (562.892,57 € mais que no ano 2025, o que supón un incremento do 17%).



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

- As achegas da Xunta de Galiza ascenden a 2.252.580,01 € (743.869,66 € mais que no ano 2025, o que supón un incremento do 49%).
- As achegas da Deputación da Coruña ascenden a 3.229.719,29 € (1.641.744,03 € mais que no ano 2025, o que supón un incremento do 103%)

Esta pequena análise permítenos coñecer de onde procede este incremento presupostario con respecto ao ano 2025, que como acabamos de ver, resúmese nunha maior recadación pola taxa de lixo, a venda da parcela do antigo "karting", unha liquidación pendente da bonificación da AP-9 e nunha maior achega doutras administracións públicas.

Por certo, resulta destacable que sexa a Deputación da Coruña a segunda administración pública que mais achega ao concello de Ordes nos presupostos do ano 2026, por diante da Xunta de Galiza, o cal choca completamente de fronte co que habitualmente manifesta o alcalde de Ordes nos plenos da corporación municipal e nas publicacións que efectúa en medios de comunicación, onde chega mesmo a afirmar que "*A Deputación é tacaña con Ordes*". Pois ben, fronte as palabras quedan os feitos demostrados nestes presupostos municipais que vostedes, PP, nos presentan para a súa aprobación polo pleno, onde a Deputación da Coruña achega a Ordes 1.000.000 € mais que a Xunta de Galiza (977.139,28 €)."

Rematada esta intervención o presidente solicita á concelleira do PSOE, Noelia Rivadas que, logo de escoitar ao interventor, aclare a súa postura en relación á emenda presentada, respecto do cal, a concelleira responde que o capítulo II depende da vontade municipal.

O presidente pregunta que de ónde se minora.

A concelleira responde que hai moitos investimentos sen nome e apelidos.

Contesta o presidente:

- Creación de illas por 5000 €: con ese importe repararíase unha.
- Axardinamento glorieta Campo da Feira, 500 €: imposible de executar por ese importe.
- Pista Fosado: xa está executado e vostedes votaron en contra.
- Pista en Mercurín por 128.000, outro investimento que votaron en contra.
- Humanización Travesía do Feirón: outro investimento que votaron en contra.
- Mellora de sinalización: custará en realidade entre 400000 e 500000.
- Marquesiñas: custan 12000 €, non 3000 €.
- Mellora no abastecemento municipal: está previsto para actuacións urxentes segundo as necesidades. Vostede votou en contra de extensión da rede en Buscás e Parada.
- Os investimentos en deportes non se concretas.
- Investimentos en educación: descoñece as competencias das entidades locais en materia de educación.

As baixas que propoñen condicionan os contratos existentes.

En base ao art. 53 do Regulamento Orgánico Municipal é potestativo admitir a emenda, pero non o faremos por motivos de legalidade, como expuxo o interventor municipal

Volve a intervir a concelleira Noelia Rivadas do PSOE: respecto do Plan de accesibilidade, habería que empezar pola redacción. Votaron a favor e non hai compromiso orzamentario.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Contesta a Presidencia ao BNG:

- En ingresos trátase de cumprir coa Lei de Residuos.
- Transferencias do Estado: estas transferencias tamén gravan os petos dos veciños de Ordes e os de todos.
- Ingresos da Deputación: dannos os que nos corresponde, como a cada concello

Continúa dicindo que hai obra como a da Rúa Lagartos e Rúa Paraíso das que non sabemos nada da Deputación. As obras que se fixeron máis alá das achegas ordinarias da Deputación deixounas comprometidas o ex-presidente da Deputación, Diego Calvo.

- En canto ás achegas doutras AAPP: é importante distinguir a administración que licita; no noso caso, a Xunta é a que máis.

Responde o voceiro do BNG: non facemos demagogia co do lixo, remítome ao pleno no que se tratou.

O presidente responde que el fala en relación ao incremento dos ingresos, que resulta da aplicación da lei.

O voceiro do BNG manifesta que o alcalde non pode dicir que se incrementan os ingresos por labor do equipo de goberno, cando é por una maior recadación do Estado. Continúa ca referencia a Diego Calvo (obra de ampliación do ximnasio) e amosa unha fotografía do alcalde con Xosé Regueira con que se asinou o convenio de financiación

Na segunda quenda de intervencións, o voceiro do BNG manifesta o seguinte:

“Nos presupostos que hoxe nos presenta o PP para o seu debate, pódese apreciar un forte incremento na dotación económica do programa 338, que é o destinado a “Festas e Festexos”, pasando a estar dotado con 389.405 €, unha suba de 58.325,20 € con respecto ao ano 2025. E claro que polo xeral a toda a xente lles gustan as festas, pero as festas unicamente maquillan uns escasos días na vida da veciñanza, sen entrar a resolver os problemas que debe afrontar no seu día a día.

Incrementáanse os fondos para festas e festexos, pero a dotación para o programa 4311 destinado a “Feiras”, diminúe ata os 4.000 €. E xa non é que se destinasen moitos recursos no anterior presuposto (4.500 €).

Incrementáanse os fondos para festas e festexos, pero a dotación para o programa 4312 destinado a “Mercados, Abastos e Lonxas”, é de tan só 20.470 €.

Resulta moi revelador que teñamos unha concellería específica para exposicións, eventos, feiras e mercados, onde se destinen unicamente 24.470 € a feiras, mercados, abastos e lonxas, no ano 2026 (cun presuposto de mais de 17M€). Seguramente neste reducido investimento prolongado ao longo de 11 exercicios nos que o PP co actual alcalde leva á fronte do goberno municipal, poidamos atopar explicacións á situación na que se atopan a feira da Adina, a feira de Ordes e a praza de abastos, onde xa só queda un posto en activo desde fai uns anos.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Esta situación queda retratada por certo, ademais de no irrisorio investimento que dedica o actual goberno municipal a feiras, mercados, abastos e lonxas; no reflexo que ten sobre a recadación estimada pola taxa de ocupación de vía pública en postos e barracas, onde se prevé unha redución de mais de 10.000 € con respecto ao estimado para o ano 2025, situándose a previsión de recadación no 2026 en 42.712,56 € (entre os que se encontran os tenderetes da feira).

Incrementéntanse os fondos para festas e festexos, pero redúcense en 34.712 € con respecto ao ano 2025, os fondos para o programa 170 destinado a “Medio Ambiente”, do cal forman parte as tarefas de roza, quedando nunha dotación de 177.754 € para o ano 2026.

Deste xeito explícase a situación que temos nas pistas municipais, con auténticas selvas nas cunetas, como por exemplo se pode apreciar nesta fotografía da parroquia de Vilamaior, onde adoitan saltar os sensores de proximidade ao circular co coche por estas pistas. Este total desleixo nas tarefas básicas de mantemento, redunda nun incremento dos riscos e perigos cara a veciñanza, ao reducir considerablemente a visibilidade.

Incrementéntanse os fondos para festas e festexos, pero temos un concello onde 30% dos postos de traballo fixados coma necesarios na RPT están vacantes (40 de 140 en total), o que resulta nunha peor atención ao cidadán e nun incremento dos prazos precisos para tramitar os expedientes, a pesares dos esforzos do persoal traballador do concello, que pese aos escasos medios cos que contan, fan todo o que está nas súas mans para intentar prestar un bo servizo.

Con respecto ao anexo de investimentos, a parte das obras correspondentes ao POS da Deputación da Coruña, sobre as cales xa nos manifestamos no pleno ordinario de xaneiro, ollamos que se prevén fondos para a pavimentación da pista principal da parroquia de Vilamaior entre os núcleos do Casal e A Armada, esfarelado novamente un proxecto moi necesario polo mal estado que presenta o firme da pista, deixando o tramo entre a Armada e o Peñasco para outro golpe.

Tampouco se prevén fondos para o arranxo de outras pistas nas que urxe actuar, como por exemplo os casos que temos exposto neste pleno da corporación municipal desde o BNG, como son a pista principal de Buscás ou a pista que leva ao núcleo da Barcula desde esta pista principal de Buscás.

Si que é certo que existe unha partida dotada cun importe de 140.000 € e denominada como “Pavimentación de vías públicas. *Investimento de reposición de infraestruturas*”, pero cando desde o BNG preguntamos na comisión informativa de contas, previa a este pleno, sobre unha concreción das actuacións previstas, a resposta do goberno municipal é “*que se trata dunha partida xenérica, para ir facendo segundo faga falta*”. A resposta só pode ter dous significados, ou o goberno municipal oculta información e non quere dicir a onde van ir destinados estes fondos (pretendendo inxenuamente que o pleno dea apoio deste xeito aos presupostos presentados), ou o que sería aínda mais preocupante, que a estas alturas do ano realmente aínda non saben onde gastar estes cartos.

Tamén figura outra partida dotada cun importe de 390.000 € e denominada como “*Adquisición de terreos*”, pero novamente cando desde o BNG preguntamos na comisión informativa de contas para saber que terreos se tiña previsto mercar, a resposta do goberno municipal volve a ser “*que se trata dunha partida xenérica*”, sen concretar nada.

No debate dos presupostos do ano 2025, desde o BNG manifestamos botar en falta partidas para a adquisición dos terreos precisos para a ampliación do polígono industrial de Merelle. Mais como indicamos, desde o goberno municipal non nos aclaran que terreos teñen previsto mercar.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Incluso cabe destacar a existencia de parcelas que se atopan a venda na actualidade e que podería resultar interesante que o concello de Ordes se fixese coa súa titularidade, como por exemplo a esquina da rúa do Mediodía co paseo Iván Raña, cun prezo de venda inferior aos fondos reservados nos presupostos para a adquisición de terreos, co gallo de construír vivenda pública asinando o correspondente convenio coa Xunta de Galiza. Esta podería ser unha actuación realmente relevante, que podería dar lugar á construción de entre 60 e 80 vivendas públicas, en comparación co anecdótico que pode supoñer a construción de ata 6 vivendas nos terreos sobre os que o concello de Ordes asinou o convenio coa consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas o pasado mes de novembro.

O certo é que o goberno municipal vendeu unha parcela pública como a do antigo karting no polígono industrial de Merelle por importe de 632.000 €, anunciando nos medios de comunicación que os fondos serían para mercar solo urbano consolidado para executar vivenda pública, ou para a adquisición dos terreos que conforman o solo urbanizable S-12 para a ampliación do polígono industrial de Merelle, mais tal e como estamos vendo, o tempo estamos a dar a razón cando manifestamos desde o BNG, que a venda da parcela respondía a un financiamento das obras de demolición de Viriato, posto que dos 632.000 € que se obtiveron da venda da parcela, deixáronse 242.000 € sen investir en terreos...

E falando da ampliación do polígono industrial de Merelle, anunciouse a mediados deste mes que a Xunta de Galiza licitará a redacción do plan estruturante de ordenación do solo empresarial, o cal non estará listo ata dentro de dous anos polo menos, mais novamente nada se sabe, nin ten cabida neste presuposto ningún tipo de actuación para a ampliación da E.D.A.R. de Ordes, que xa levamos tempo advertindo desde o BNG que resulta unha actuación imprescindible para poder levar a cabo a ampliación do polígono de Merelle, posto que ven recollido no P.X.O.M. de Ordes esta condición para poder desenvolver o S-12. Pasou outro ano, e seguimos sen novidades a este respecto, anunciando a redacción de outros proxectos sen dar paso ao que se debe facer de maneira prioritaria, e que realmente abriría a posibilidade de proceder coa ampliación do polígono.

Se ollamos o resumo de gastos por programa, atopamos que no programa 160 relativo ao "alcantarillado" ou saneamento, destínanse 55.263,98 €, e no programa 161 relativo ao abastecemento domiciliario de auga, invístense 89.450 €. É dicir, dun presuposto de 17.283.620,05 €, unicamente van destinados a servizos públicos básicos de abastecemento e saneamento 144.713,98 € (menos do 1 %). As cifras tamén resultan moi reveladoras sobre os motivos polos cales no concello de Ordes, moitas vivendas do rural carecen de acceso a servizos públicos básicos de abastecemento de auga ou saneamento.

Estas cifras contrastan directamente cos investimentos en concellos veciños. Por exemplo, o concello de Mesía cun presuposto para o ano 2026 de 3.684.640,39 €, ten previsto destinar 624.188,65 € para a ampliación da rede de distribución de auga á parroquia de Visantofña e 189.222,75 € para a ampliación da rede de distribución de auga á parroquia de Olas. É dicir, Mesía cun presuposto case 5 veces menor a Ordes, é capaz de investir 813.411,40 € en levar servizos públicos básicos ao rural, case 6 veces mais que Ordes.

E para ir rematando, este goberno segue abusando das subvencións nominativas, repartindo 197.900 € a dedo, (19.600 € mais que no ano 2025). Desde o BNG creemos e seguimos insistindo, en que debería crearse unha ordenanza municipal de subvencións, que regule a concesión das mesmas no ámbito social, cultural, deportivo e asociativo do noso concello. Garantindo deste xeito a transparencia, a igualdade de oportunidades, e a concorrência competitiva.

En definitiva, tras 11 anos nos que o actual alcalde estivo á fronte do goberno, manexando uns 131 M€ de presupostos, investindo no que el considerou prioritario; temos como resultado un



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

concello no que o parecer xeral, tanto da propia veciñanza como da xente que habita en concellos veciños, é que está a morrer.

No que vai de ano, levamos contabilizado o peche de negocios a razón de mais de un por mes. A previsión de recadación por terrazas tamén resulta moi reveladora, pasando de 15.000 € no ano 2025, a 11.500 € no 2026, sintomático da situación pola que esta a pasar a hostalería no noso concello.

Un goberno municipal que levou a cabo diversas obras, mal chamadas como humanización, pois na vez de integrar espazos verdes que xeren sombra e actúen como refuxio climático, decidiu apostar por verter un mar de cemento e chapapote, que dá como resultado que non existan lugares no rueiro do noso concello nos que a xente poida permanecer e facer vida nos días e meses calorosos, como os que estamos a vivir esta tempada.

Fronte a isto existen alternativas, outro xeito de facer as cousas e de establecer prioridades en actuar para facer mais fácil e levadía a vida á veciñanza de Ordes. Por iso desde o BNG, imos emitir un voto en contra a estes presupostos municipais que hoxe nos presenta o PP."

Contesta o presidente:

- Festexos: se incrementa pola percepción de subvencións.
- Feiras: se incrementa por obtención de subvencións da Xunta.
- Taxa de reposición: as prazas están na RPT. Salienta que aprobaron a Oferta de Emprego e ao día seguinte recorreuna a Subdelegación do Goberno (dirixíndose á bancada do PSOE).
- Comercio: pasa o que pasa noutros concellos; hai un problema co comercio *on line*. Nos últimos 3 anos demos 10 licencias no polígono industrial. Pregunta o voceiro do BNG se foron licencias novas ou foron trasladados. Continua o alcalde dicindo que para sacar o S12 fíxose o traballo técnico pero hai que aprobar o PEOSE (Plan Estructurante de Ordenación del Suelo Empresarial), como pasou en Carballo, independentemente da cor política. Manifesta que se leva moito tempo negociando a adquisición de terreos para a EDAR.
- Adquisición parcela: fai máis de 3 anos falamos con ALISEDA para a adquisición, pero o Concello non pode adquirir directamente dunha inmobiliaria.
- Saneamento: nos últimos 10 anos levamos máis de 5 millóns de € invertido. Ademais concorrendo ás liñas competitivas de subvencións conseguimos melloras. Non conseguimos o PERTE, pero había que intentalo.

Remata a intervención dicindo que non só escoitan aos veciños eles, que tamén falan da opción, pero falar de eso non conduce a nada. Sempre hai necesidades que ven vostedes e os veciños, pero os recursos son limitados e a folla de ruta márcaa o goberno local.

Contestando ao PSOE responde:

Sorprende escoitar ao PSOE de Ordes dar leccións sobre orzamentos cando o seu propio secretario xeral leva anos defendendo e gobernando con orzamentos prorrogados. O que para Pedro Sánchez é "estabilidade" e "normalidade democrática", para o PSOE de Ordes parece ser un escándalo. A hipocrisía ten límites.

Antes de criticar ao Goberno local, deberían aclarar se están en contra dos orzamentos prorrogados ou se simplemente están en contra de que governe o PP. Porque unha cousa e a contraria non poden defenderse ao mesmo tempo sen caer no ridículo.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

E, en todo caso, o importante non é a data na que se aproban os orzamentos, senón a xestión e os resultados para os veciños. Os cidadáns valoran que se melloren os servizos, que se invista no municipio e que se resolvan os problemas do día a día, non os discursos oportunistas de quen cambia de criterio segundo lle convén.

Menos demagogia, menos teatro e máis coherencia.

Continúa dicindo que escoitadas as intervencións dos grupos políticos PSOE e BNG, vou a contestarlles as alusións e críticas, e dar conta de outros argumentos previos a votación deste punto.

Un orzamento municipal, aínda sendo unha previsión de ingresos e gastos, non son tan solo os investimentos reais, neste ano con cifras históricas próximas aos 5 millóns de euros; pois tamén toca atender todas e cada unha das obrigas derivadas para o abono dos soldos, os gastos nos servizos e todo o gasto corrente directo e indirecto, así como dar forma as obrigas contractuais, e sempre procurar que as instalacións públicas locais funcionen do xeito máis adecuado posible e óptimo.

Como goberno temos clara a nosa liña de traballo, a que nos dou a confianza maioritaria dos veciños nas urnas fai algo máis de 3 anos, e pasa por tratar de dar cumprimento ao noso programa electoral.

Programa que a data de hoxe ten avances importantes en inversións estratéxicas para a nosa vila (todas elas financiadas pola Xunta de Galicia): abastecemento-saneamento no canedo, praza no mesón do vento, convenio para a nova ETAP en Buscás, Proxecto de trazado da Rolda sur-oeste, ou a inminente licitación do PEOSE do S-12 (ampliación do parque empresarial de merelle).

Rematados os turnos, procedemos a votación do punto 4º. aprobación inicial se procede orzamento municipal do exercicio 2026.

Así, sometida a votación a proposta da Alcaldía sen a emenda do PSOE en virtude do carácter potestativo do exame da mesma previsto no art. 53 do ROM e o informe da intervención Municipal, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de 9 a favor (grupo político PP), 5 votos en contra do BNG, 2 abstencións (PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio de 2026, que ascende tanto en GASTOS como en INGRESOS á cantidade de **dezasete millóns douscentos oitenta e tres mil seiscentos vinte euros con cinco céntimos (17.283620,05 €)**, asignando a cada un dos capítulos os seguintes importes:

ORZAMENTO DE INGRESOS. RESUME POR CAPÍTULO



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Capítulo	Ex. 2026
1	4.168.569,80
2	220.000,00
3	2.559.686,21
4	6.329.150,54
5	299.562,21
Total correntes	13.576.968,76
6	632.222,00
7	3.074.429,29
Total capital	3.706.651,29
Total non financeiros	17.283.620,05
8	0,00
9	0,00
Total financeiros	0,00
Total orzamentos	17.283.620,05

ORZAMENTO DE GASTOS. RESUME POR CAPÍTULO

Capítulo	Ex. 2026
1	4.656.609,21
2	6.380.407,83
3	0,00
4	1.085.128,58
5	12.122.145,62
Total correntes	4.656.609,21
6	4.707.646,07
7	251.479,80
Total capital	4.959.125,87
Total non financeiros	17.081.271,49
8	0,00
9	202.348,56
Total financeiros	202.348,56
Total orzamentos	17.283.620,05

No acordo de aprobación inicial enténdense incluídos todas as modificacións e axustes efectuados no orzamento prorrogado á data desta proposta, salvo a incorporación de remanentes.

2º.- Aprobar, igualmente, as Bases de Execución de dito orzamento.

3º.- Aprobar, así mesmo, de acordo co disposto no art. 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, o cadro de persoal, comprensiva de tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

4º.- Que despois da correspondente exposición pública por prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no suposto de non presentarse reclamacións contra este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, xunto co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo dispoñen os arts. 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril e 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo; e noutro caso procederase de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

5. MOCIÓN.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

PSOE, Noelia Rivadas expón a urxencia da moción.

MOCIÓN PARA O IMPULSO DA COORDINACIÓN INSTITUCIONAL E O DESBLOQUEO DA CONEXIÓN ENTRE A N-550 E A FUTURA ROLDA SUR-OESTE DE ORDES

Sometida a votación, a urxencia é aprobada pola unanimidade dos presentes.

A mellora da mobilidade e da seguridade viaria constitúe unha das principais demandas da veciñanza de Ordes. Neste contexto, tanto a glorieta prevista na N-550 á entrada sur da vila como a futura ronda sur-oeste son actuacións estratéxicas para o presente e o futuro do noso concello.

O proxecto da glorieta na N-550 foi impulsado polo Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible co obxectivo de mellorar a seguridade viaria e ordenar os accesos nun punto especialmente sensible da rede estatal ao seu paso por Ordes.

Pola súa banda, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas promove a futura ronda sur-oeste, unha infraestrutura chamada a mellorar a conectividade do municipio e a contribuír á redución do tráfico de paso polo núcleo urbano.

A planificación e desenvolvemento destas actuacións por parte de administración diferentes deu lugar a unha situación que require unha coordinación técnica e institucional efectiva para garantir a súa plena compatibilidade e viabilidade.

A propia resposta do Goberno de España a unha pregunta formulada polo Grupo Popular no Congreso dos Deputados en setembro de 2025 (expediente 184/26249) sinala que o proxecto da ronda sur-oeste non incorpora o nó de conexión coa N-550 e que a glorieta inicialmente prevista polo Ministerio foi deseñada para mellorar a seguridade viaria existente, sen contemplar a futura incorporación dunha nova infraestrutura destas características.

Segundo esa resposta oficial, a aparición dun novo escenario de tráfico derivado da futura ronda fai necesario reconsiderar o deseño da glorieta co fin de garantir un adecuado nivel de servizo, a seguridade viaria e a correcta funcionalidade do conxunto das conexións previstas.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Esta circunstancia pon de manifesto a necesidade dunha maior coordinación entre as administracións implicadas, evitando que as discrepancias técnicas ou a falta de entendemento institucional poidan traducirse en novos atrasos que prexudiquen os intereses da veciñanza de Ordes.

Ao mesmo tempo, esta situación está a xerar unha crecente frustración entre os veciños e veciñas, que observan como se prolongan os prazos e se manteñen os desacordos entre administracións mentres continúan sen materializarse infraestruturas consideradas esenciais para o desenvolvemento do municipio.

A falta dunha solución definitiva compromete ademais unha demanda histórica da cidadanía: reducir o tránsito de vehículos pesados polo núcleo urbano, mellorar a seguridade viaria e avanzar cara a un modelo de mobilidade máis sostible e seguro para todos os usuarios das vías públicas.

A execución coordinada da ronda sur-oeste e da súa conexión coa N-550 representa unha oportunidade para avanzar nese obxectivo compartido. Por iso, resulta imprescindible que todas as administracións implicadas antepoñan o interese xeral de Ordes a calquera discrepancia política ou institucional.

Por todo o exposto, o Pleno do Concello de Ordes adopta os seguintes **ACORDOS**

PRIMEIRO.- Instar ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible e á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas a constituír unha mesa técnica de coordinación para resolver definitivamente o deseño e a execución da conexión entre a N-550 e a futura ronda sur-oeste de Ordes.

SEGUNDO.- Solicitar ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible e á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas a elaboración dun calendario de traballo conxunto que identifique os trámites pendentes, as responsabilidades de cada organismo e os prazos previstos para a execución da actuación, así como a celebración dunha reunión institucional entre representantes de ambas administracións e do Concello de Ordes co obxecto de avanzar nunha solución consensuada que permita desbloquear definitivamente esta actuación.

QUINTO.- Dar traslado dos presentes acordos ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, á Delegación do Goberno en Galicia e á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

O concelleiro Gonzalo Veiras, polo BNG, manifesta que comparten o texto da moción do PSOE, por unha banda, e pola outra, quere amosar a súa preocupación porque as dúas administracións non se poñan dacordo. Entende que dende o Pleno de Ordes débese instar a ambas administracións a que se solucione esta situación.

Responde a Presidencia agradecendo esta moción, e propón unha emenda, pero recorda que todo parte dunha visita de Mariano Rajoy no ano 2017.

Solicita ao PSOE retirar da exposición de motivos un parágrafo da exposición de motivos porque non é certo.

En canto aos acordos, matiza que fixeron ata 10 intentos de reunións cos distintos ministros, todos eles fallidos. O único que conseguiron foi unha contestación por e-mail dicindo que a rotonda a asuma a Xunta.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

A principios do ano 2019 xunto con Ana Soneira fíxose unha única reunión co Ministro pola mellora da iluminación do paso inferior. Nada máis; nin atenderon á Secretaría Xeral da Xunta durante 8 anos.

Agradece o traballo á Delegación, Subdelegación e xefes provincias e tamén aos representantes do PSOE do Concello. O único obxectivo é sacar o tráfico pesado do barrio do Recreo pero está claro que quen ten que pagar é o Ministerio.

Pasa a ler a emenda de substitución do PP:

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Ordes, formula a seguinte **EMENDA de SUBSTITUCIÓN** aos ACORDOS propostos na MOCIÓN presentada polo Grupo Municipal do PsdG-Psoe de Ordes para o pleno ordinario do mes de XUÑO de 2026 sobre **o impulso da coordinación institucional e o desbloqueo da conexión entre a N-550 e a futura rolda Sur-Oeste de Ordes**, nos seguintes termos:

RETIRAR DA EXPOSICIÓN DE MOTIVOS O SEGUINTE PARÁGRAFO, POSTO QUE O PROXECTO FOI IMPULSADO EXCLUSIVAMENTE POLO MINISTERIO DE FOMENTO NO GOBERNO DE MARIANO RAJOY BREY, SIN TERSE EXECUTADO COA CHEGADA DO PSOE AO GOBERNO NACIONAL, A PESAR DE FIGURAR NOS ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO DO ANO 2018. NADA FIXERON EN MÁIS DE 8 ANOS PARA IMPULSALO.

“O proxecto da glorieta na N-550 foi impulsado polo Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible co obxectivo de mellorar a seguridade viaria e ordenar os accesos nun punto especialmente sensible da rede estatal ao seu paso por Ordes.”

NOVOS ACORDOS:

1. Instar ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible a convocar unha reunión nun prazo non superior a 30 días dende a recepción do presente acordo, con responsables da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e do Concello de Ordes, para reformular de ser preciso, supervisar e aprobar o proxecto de “Reordenación de accesos en la

carretera N-550, PP KK 36+800 al 37+030. Tramo: Travesía de Ordes”, de xeito que se coordine e se garanta a conexión coa N-550 da rolda Sur-Oeste de Ordes que tramita a Xunta de Galicia.

2. Solicitar ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, como titulares da vía, o firme compromiso de asumir o custo do proxecto que resulte definitivo para dito enlace -de igual xeito que costearon integramente no seu momento os enlaces da rolda Este tanto na entrada Norte como Sur de Ordes-, adoptando un calendario coordinado coa Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, de xeito que o conxunto de obras poida entrar a vez en funcionamento unha vez executadas.

3. Solicitar ao Delegado do Goberno en Galicia que atenda a maior brevidade a petición da reunión solicitada polo Alcalde de Ordes o pasado 7 de abril de 2026, co seguinte contido “Asunto: Execución da reordenación do tráfico na entrada Sur de Ordes (N-550) e coordinación coa variante Sur-Oeste”.

4. Dar traslado dos presentes acordos ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, á Delegación do Goberno en Galicia e á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas. Así como aos grupos políticos do PP, BNG e PSOE no Congreso e no Parlamento Galego.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

De ser aceptados os anteriores acordos de substitución aquí propostos, o grupo municipal do PP de Ordes, votará a favor da moción formulada polo PsdG-Psoe de Ordes.”

Da lectura a continuación ao informe do autor do proxecto de trazado de referencia, Pablo Blanco Ferreiro:

“O Proxecto de Trazado, promovido pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas da Xunta de Galicia e sometido a información pública, propón unha alternativa para a mellora da conectividade entre a DP-5903 e a N-550. Estas estradas xa se intersectan na actualidade mediante un cruce semaforizado en pleno núcleo urbano de Ordes.

A conexión da Rolda Sur – Oeste ca N-550 ven recollida no PXOM vixente do Concello de Ordes e está prevista como unha intersección tipo glorieta. Obviamente e polo tanto, foi informada favorablemente polo Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible durante a súa tramitación.

En particular, o desenrolo urbanístico anexo a esta infraestrutura, a xeración de tráfico asociada e a influencia que poida ter na N-550 é unha circunstancia coñecida no mencionado Ministerio.

En calquera caso, a execución da nova Rolda non suporá “per se” a xeración de novas viaxes, polo que quedaría descartada calquera hipótese de tráfico inducido na estrada nacional. A implantación desta nova infraestrutura funcionará como un mecanismo de redistribución de fluxos, optimizando os accesos á vía sen penalizar o seu nivel de servizo actual.

Por analoxía, existe actualmente outra intersección de semellantes condicións entre a N-550 e dous viarios autonómicos (AC-408 e AC-409), situada cara ó norte a 2,5 km, que foi resolta tamén mediante unha glorieta, promovida polo Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible e que conta cunhas dimensións inferiores ás previstas no PXOM para a de conexión da Rolda Sur-Oeste de Ordes.

O proxecto de trazado da Rolda Sur-Oeste de Ordes contempla un deseño integral da actuación ao incorporar o cuarto acceso á glorieta non previsto, aparentemente, no documento que se está a redactar polo Ministerio. A xustificación xeométrica e o cumprimento estrito da normativa correspondente, definírase de forma detallada no posterior proxecto de construción.

Quen subscribe, foi redactor no ano 2018 do proxecto de REORDENACIÓN DE ACCESOS EN LA CARRETERA N-550, PP.KK 36+800 AL 37+030. TRAMO: TRAVESIA DE ORDES, promovido polo anterior Ministerio de Fomento, no que se deseñaba no mesmo punto de conexión da Rolda Sur-Oeste de Ordes, unha intersección tipo glorieta e se daba continuidade mediante un paso inferior ós viais ciclistas existentes na marxe oeste da N-550 e na marxe sur da estrada AC-524.

Nas funcións de asistencia técnica do Concello de Ordes, persoal de Estudio Técnico Gallego asistiu a varias reunións para tratar ó avance do proxecto tanto na Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia coma na Dirección General de Carreteras en Madrid. Nelas constatouse a predisposición do Ministerio a asumir a execución da glorieta incluso propoñendo un cruce a nivel dos viarios ciclistas sobre a N-550 para eliminar a necesidade do paso inferior e diminuír o custe total da actuación.”

Contesta a concelleira do PSOE, Noelia Rivadas: vostede pretende unha alabanza a Mariano Rajoy e non o imos facer. As dúas administracións terán que chegar a un acordo, e quen asume o custe non nos ataíña. Para eso deberán constituirse mesas de colaboración que aclaren eso.

Non votarán a favor da modificación da moción e manteñen a súa.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Polo BNG, o concelleiro manifesta que xa que o PSOE non acepta a enmeda de engádegas, vamos igualmente a apoiala porque queren que se solucione o problema e que se inste ás administracións a que se coordinen. Manifesta que queren prazos e compromisos, e por eso, instarán ao seu Deputado no Congreso dos Deputados para arrancar un compromiso. Agardan o mesmo do resto dos parlamentarios dos grupos municipais.

O presidente preguntalle sobre quen debe pagar a actuación, ao que o concelleiro responde que non son técnicos e só queren que se solucione o problema.

O presidente, contestando á concelleira do PSOE indica que non lle sorprende a resposta e que traerán a súa moción para o seguinte pleno. Os veciños teñen que saber que desde mediados de 2018 non se fixo nada.

Continúa dicindo que non entende o revuelo nas redes sociais, cando o informe do Ministerio é condicionado, non desfavorable.

Finaliza a intervención salientando que as mesas de colaboración están máis que pedidas e máis que negadas. Polo tanto, quen debe dar o paso adiante e pedir a reunión, é o Ministerio.

Sometida a votación do Pleno do Concello de Ordes a moción presentada polo grupo municipal do PSOE, esta non prospera, sendo dezasete o número legal dos seus membros, cos votos en contra do grupo político PP (9), e votos a favor grupo político BNG (5), e grupo político PSdeG-PSOE (2).

1. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Escomeza a quenda, Noelia Rivadas, polo PSOE:

- A denominación oficial do noso concello é Ordes, tal e como recolle a toponimia oficial de Galicia.

Actualmente, aínda existen algunhas entidades deportivas do municipio que empregan na súa denominación a forma "Órdenes", en lugar da denominación oficial "Ordes".

Somos plenamente conscientes de que cada club é unha entidade independente e de que nin a Alcaldía nin o Concello teñen competencias para imponer modificacións nas súas denominacións. Non obstante, tamén entendemos que as institucións públicas teñen a responsabilidade de promover o uso correcto da toponimia oficial e contribuír á súa normalización social.

Os clubs deportivos desempeñan un papel fundamental na vida do municipio e son, ademais, importantes embaixadores de Ordes dentro e fóra da nosa comarca. A súa actividade contribúe a proxectar a imaxe do concello.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Por todo o exposto, rogamos ao Goberno municipal que, no marco das súas competencias, estableza un diálogo coas entidades deportivas que aínda empregan a denominación "Órdenes", co fin de trasladarlles a conveniencia de adaptar progresivamente o seu nome á forma oficial do municipio, ofrecendo, na medida das posibilidades do Concello, asesoramento e colaboración para facilitar ese proceso.

Responde o presidente que todas son coñecedoras e teñen a disposición os departamentos correspondentes do Concello.

2.- A páxina web municipal constitúe unha ferramenta fundamental para a información da veciñanza, para a promoción do noso concello e para a atención das persoas que visitan Ordes ou que buscan información sobre os servizos e recursos dispoñibles.

Precisamente por ese motivo, consideramos imprescindible que os contados publicados sexan veraces, estean actualizados e reflictan fielmente a realidade actual do municipio.

Porén, tras revisar distintos apartados da web municipal, observamos numerosas incidencias, erros e información desactualizada que poden xerar confusión e transmitir unha imaxe pouco coidada de Ordes.

En primeiro lugar, continúa figurando información relativa á existencia dunha oficina de turismo, a pesar de que actualmente o concello non dispón deste servizo e de que esta cuestión xa foi trasladada ao goberno municipal con anterioridade para que se corrixisse e se informase adecuadamente á cidadanía e ás persoas visitantes.

Tamén se detectan importantes deficiencias na relación de establecementos de hostalaría e aloxamento publicada na web municipal. Nela figuran negocios que xa non están en funcionamento, ao tempo que non aparecen outros establecementos que si desenvolven actualmente a súa actividade en Ordes, ofrecendo por tanto unha información incompleta e desactualizada.

No apartado dedicado á Praza de Abastos indícase que nela se comercializan produtos da horta, alimentación e produtos do mar. Porén, a realidade actual non se corresponde coa descrición que figura na web, xa que a actividade existente é moi limitada e actualmente só permanece aberto un posto de peixería. Consideramos que a información institucional debe axustarse á realidade e evitar descrições que poidan inducir a erro.

Igualmente, o horario da biblioteca municipal que aparece publicado non se corresponde co horario real de atención ao público, xa que actualmente non existe servizo de atención en horario de mañá. Esta situación pode ocasionar desprazamentos innecesarios e molestias ás persoas usuarias.

É especialmente lamentable a situación do rueiro dispoñible na páxina web, onde se observan múltiples erros e referencias desactualizadas. Entre outros exemplos:

- ☐ Aparece unha referencia incorrecta ao Instituto de Bacharelato Maruxa Mallo.
- ☐ Non figura a nova Escola Infantil de Ordes.
- ☐ A antiga escola infantil aparece sen a súa denominación correspondente.
- ☐ Mantéñense denominacións sen normalizar lingüisticamente, como "República Argentina" ou "Plaza de Abastos", en lugar das formas oficiais en galego.
- ☐ Non aparece recollido o Paseo Ramiro Recouso, un dos espazos de lecer e paseo máis utilizados e valorados pola veciñanza e un dos principais atractivos ambientais e paisaxísticos do municipio.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

- ☐ Figura unha ubicación errónea do Rexistro da Propiedade,
- ☐ Entre outros exemplos.

Así mesmo, consideramos que a guía de turismo rural do Concello de Ordes precisa dunha actualización profunda. Ademais de presentar información incompleta e desactualizada, o código QR incorporado non funciona correctamente, dificultando o acceso aos contidos.

Entendemos que esta guía debería ser revisada e ampliada para converterse nun auténtico instrumento de promoción turística do municipio, incorporando información detallada sobre as seguintes cuestións, entre outras:

- ☐ A historia e identidade do concello.
- ☐ Os principais recursos patrimoniais, culturais e naturais.
- ☐ O Paseo Ramiro Recouso e outros espazos de interese ambiental.
- ☐ Roteiros de sendeirismo e itinerarios recomendados.
- ☐ A gastronomía e os produtos locais.
- ☐ A arquitectura tradicional e os elementos etnográficos máis destacados.
- ☐ As festas, eventos e actividades culturais e deportivas.
- ☐ A oferta de aloxamento e restauración actualizada.
- ☐ Os servizos básicos dispoñibles para visitantes, como farmacias, centro de saúde, emerxencias ou información municipal.
- ☐ As diferentes formas de acceso ao municipio, tanto por estrada como mediante ferrocarril, autobús e outros medios de transporte público e privado.

Consideramos ademais que esta guía debería estar dispoñible tanto en formato dixital como en formato físico, facilitando a súa difusión entre visitantes, establecementos hostaleiros, aloxamentos, entidades culturais e outros puntos de interese.

Por todo o exposto, rogamos ao Goberno municipal que proceda á revisión e actualización integral dos contidos turísticos e informativos da páxina web do Concello de Ordes, corrixindo erros, incorporando a información actualmente inexistente e impulsando a elaboración dunha guía turística actualizada, completa e adaptada á realidade actual do noso municipio, que contribúa a mellorar a promoción de Ordes e a atención á cidadanía e ás persoas visitantes

Presidente: xa foi trasladado por e-mail ao departamento de turismo e informática.

3.- Temos constancia de que a fonte situada na rúa Ramón Ferreiro non está funcionando.

No anterior pleno xa trasladamos a situación doutras fontes do municipio que se atopaban na mesma situación. Daquela indicóusenos que era suficiente con comunicar a incidencia para que se procedese á súa reparación.

Neste caso, temos coñecemento de que un veciño xa avisou desta avaría hai varios días e, a día de hoxe, a fonte continúa sen ser reparada.

Por todo o exposto, solicito:

1. Que se proceda á reparación da fonte situada na rúa Ramón Ferreiro á maior brevidade posible.
2. Que o Goberno local realice un seguimento periódico do estado e funcionamento das fontes públicas do municipio.

Presidente: trasladouse á concesionaria o mesmo día.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

4.- Estamos observando con preocupación a execución das plantacións na nova senda peonil que comunica o núcleo urbano de Ordes coa Estación de Parada, actuación promovida para mellorar a mobilidade peonil e a seguridade viaria neste itinerario. O proxecto contempla a instalación de arborado e mobiliario urbano ao longo do percorrido.

Durante a execución das obras apreciamos que varias árbores están sendo plantadas a unha distancia moi reducida entre si e tamén excesivamente próximas ao mobiliario urbano e á zona de tránsito peonil.

Ademais, non se observa a instalación de sistemas de confinamento radicular ou barreiras antiraíces, habitualmente empregados para evitar que o crecemento das raíces provoque levantamentos de pavimentos, deterioro das beirarrúas, danos en canalizacións e afeccións ao mobiliario urbano.

Cómpre lembrar que a normativa de accesibilidade esixe garantir itinerarios peonís accesibles e libres de obstáculos, mantendo unha franxa de circulación peonil continua.

Así mesmo, os criterios técnicos habituais de urbanización e paisaxismo recomendan prever espazos suficientes para o desenvolvemento do arborado e a protección das infraestruturas, evitando conflitos futuros coas raíces e coa accesibilidade das persoas usuarias.

Na propia vila xa vivimos situacións semellantes, como ocorreu recentemente no Campo da Feira, onde foi necesario retirar exemplares arbóreos e acometer actuacións sobre a infraestrutura debido aos problemas xerados polo seu desenvolvemento e implantación.

Por todo o exposto, solicitamos:

1. Que se revise a execución das plantacións realizadas na senda peonil da Estación de Parada, comprobando se as distancias entre árbores, mobiliario urbano e zona de tránsito cumpren os criterios técnicos e normativos aplicables.
2. Que se informe de se está prevista a instalación de sistemas de protección radicular ou outras solucións técnicas que eviten futuros danos nas beirarrúas e restantes infraestruturas.
3. Que, no caso de detectarse deficiencias, se adopten as medidas correctoras oportunas antes da recepción definitiva da obra, evitando repetir problemas que xa sufriu o noso concello noutras actuacións urbanísticas.
4. Que o Goberno local realice un seguimento técnico exhaustivo desta actuación para garantir que o investimento realizado se execute con criterios de sustentabilidade, accesibilidade e boa planificación a longo prazo.

Presidente: o informe do técnico indica que se cumpre co proxecto e que o proxecto cumpre a normativa.

5.- Actualmente existen postes situados en distintos puntos do noso concello que, aparentemente, xa non prestan ningún servizo, ao non ter cableado conectado nin cumprir función algunha relacionada coas redes de subministración ou telecomunicacións.

Estes elementos, ademais de xerar unha evidente contaminación visual no espazo público, poden supoñer obstáculos innecesarios para a mobilidade peonil e dificultar labores de mantemento.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Por todo o exposto, solicitamos:

1. Que o Goberno local realice un inventario dos postes existentes no municipio que non estean en uso ou non presten ningún servizo efectivo.
2. Que se realicen as xestións necesarias ante as compañías titulares das instalacións para que procedan á retirada daqueles postes que se atopen fóra de servizo ou abandonados

O presidente solicita se poideran identificar onde son os postes da segunda imaxe e polo resto xa se deu traslado á Policía Local.

6.- O aparcadoiro situado na rúa Casabella, anexo ao cemiterio municipal, presenta un evidente estado de deterioro e falta de mantemento, con desperfectos no firme e deficiencias que dificultan o seu uso en condicións adecuadas por parte da veciñanza.

Por todo o exposto, solicitamos:

1. Que se leven a cabo as actuacións de mantemento e reparación necesarias para corrixir as deficiencias existentes e mellorar as condicións de uso deste espazo.

Presidente: fanse 3 mantementos no ano, seguramente entre xullo e agosto faise o seguinte.

7.- Temos observado que na entrada do Centro de Saúde é habitual atopar moreas de residuos, especialmente caixas de cartón e outros materiais derivados da actividade diaria das instalacións, acumulados no exterior do edificio.

Entendemos que a actividade do Centro de Saúde xera un volume de residuos que require unha solución específica e ordenada, evitando que estes materiais permanezan amoreados durante períodos prolongados na entrada das instalacións.

Por todo o exposto, solicitamos:

1. Que o Concello analice esta situación e adopte as medidas necesarias para evitar a acumulación de residuos na entrada do Centro de Saúde.
2. Que se valore a instalación de contedores adecuados para a recollida selectiva destes residuos, especialmente cartón e embalaxes, nunha localización próxima e funcional para o servizo.

Responde a concelleira Ana Soneira: é o SERGAS o que xestiona os residuos; son quen teñen que abrir incidencia; xa están avisados.

8.- Hai máis dun mes depositáronse residuos de obra nas inmediacións do Campo de Fútbol. Unha vez comprobado que estes non foron retirados ata a data, solicítase:

1. A súa recollida e retirada no menor prazo posible.

Presidente: está valado porque houbo un accidente e está pendente de peritaxe.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

9.- Na Rúa de Galicia pode observarse como a vexetación que provén dunha propiedade privada está invadindo a vía pública.

Rógase:

1. Que se realicen as xestións necesarias para solucionar a situación.

Presidente: está feito o informe. É algo recorrente.

10.- Nos últimos días identificáronse diversos problemas de limpeza en distintas rúas do municipio, situación que está a provocar numerosas queixas por parte da veciñanza.

Así mesmo, detectáronse problemas habituais de mantemento no Paseo Ramiro Recousó, onde se observou e observa, segundo o caso, mobiliario tirado e árbores cortadas que permanecen sen retirar desde hai tempo, afectando tanto á seguridade como ao estado xeral deste espazo público.

Por outra banda, detectáronse roturas no mobiliario do parque infantil do Campo da Feira, concretamente nun dos columpios.

Por todo o exposto, rógase:

1. Que se proceda á maior brevidade posible á limpeza e reparación dos elementos afectados, así como á retirada dos restos vexetais acumulados.
2. Solicítase que o goberno local leve a cabo unha maior supervisión e seguimento do estado dos espazos públicos municipais, co obxectivo de garantir o seu adecuado mantemento e conservación.

Presidente: non é falta de mantemento é vandalismo. Fóronse arranxando paulatinamente e do da limpeza está trasladado á empresa.

Polo BNG:

1.- Pregunta o concelleiro Pablo Vidal:

Os dous contedores do lixo situados na Rúa Coruña atópanse nunha situación bastante deplorable tal e como pode comprobarse nas fotografías. Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

- Se proceda á substitución de ambos contedores.

Responde Ana Soneira: pendente do cambio. Está avisada a empresa dende o 27 de maio.

2.- Pregunta o concelleiro Manuel A. Villaverde:

Na parroquia de Montaos desde fai varios meses está a haber problemas co subministro de auga da rede pública. A determinadas horas do día a presión non é suficiente e supón que a veciñanza non conte co funcionamento axeitado da auga nas súas casas.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

– A que se estuden as causas desta problemática e que se arranxe o antes posible pra evitar que continúen estes prexuízos para os veciños e veciñas

Presidente: está traballando en arraxalo a concesionaria.

3.- Pregunta o concelleiro Manuel A. Villaverde: no lugar A Salgueira de Arriba, da parroquia de Ardemil, existen dous tramos de vía pública nos que a vexetación procedente dunha parcela, invade a vía pública municipal, dificultando a circulación de vehículos e peatóns. É polo que instamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

A que requira á propiedade destes bens inmobles, a proceder coas rozas ou podas oportunas, de xeito que a vexetación non invada a vía pública municipal

Responde a concelleira Susana García: é un asunto delicado; estase levando a cabo un traballo conxunto da Policía Local, o centro de saúde e os Servizos Sociais. Notificóuselle pero non hai apoio nin da rede familiar. Non podemos entrar no domicilio sen autorización.

O concelleiro do BNG manifesta que agradece que se resolva a situación, pero el referíase á vía pública, ao que a concelleira responde que eso está resolto, pero dentro, non.

4.- Pregunta Pablo Vidal. Tal e como pode apreciarse nas fotografías que se achegan, os muros que pechan o recinto do cemiterio do Piñeiro, presentan malas herbas e falta de limpeza en moitas e diversas zonas.

Xa no interior do recinto, pode apreciarse un notable descoido nas tarefas básicas de xardinería, existindo malas herbas de gran tamaño que incluso avanzan por riba dalgunhas tumbas.

Desde o BNG, entendemos que este estado de abandono que presenta o cemiterio do Piñeiro, resulta nunha imaxe impropia do que debera ser este cemiterio municipal.

Por outra banda, a área de lecer situada a carón da Ponte Medieval de Pereira, presenta o estado que se pode apreciar nas seguintes fotografías, onde os bancos e as mesas, as churrasqueiras e os colectores do lixo, son comidos polas herbas

Esta situación non convida a que a veciñanza faga uso deste espazo, precisamente na época do ano en que realmente debera resultar de utilidade coa chegada do bo tempo, ademais de ofertar unha imaxe de total descoido cara as persoas que percorren o camiño Inglés, que pasa a carón desta área de lecer.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

Que se leven a cabo as tarefas básicas de mantemento no cemiterio municipal do Piñeiro e na área de lecer “Os Carabelos”, situada a carón do camiño Inglés e da ponte medieval (parroquia de Pereira).

Presidente: están ambas actuacións previstas, pero hai personal de baixa. Estamos pedindo esforzos.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

5.- Pregunta Pablo Vidal. No grupo municipal do BNG, recibimos queixas de usuarios/-as do centro de saúde de Ordes, polas elevadas temperaturas que teñen que padecer no seu interior, especialmente nesta época do ano.

Por unha banda, a ausencia dun sistema de climatización que contribúa a manter unhas condicións de confort térmico axeitadas dentro das instalacións, sumada á ausencia de sistemas de escurecemento nas cristaleiras existentes, que minimicen o efecto invernadoiro, fan que se acaden unhas temperaturas elevadas que resultan molestas tanto para usuarios/-as como para o persoal que traballa no propio centro.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

Solicitar á Consellería de Sanidade, a instalación duns estores, ou de calquera outro sistema de escurecemento que considere oportuno nas cristaleiras do centro de saúde de Ordes, co gallo de intentar minimizar o efecto invernadoiro que se produce nestas épocas do ano.

Solicitar á Consellería de Sanidade, que se estude a dotación dun sistema de climatización para o Centro de Saúde e o PAC de Ordes, que consiga manter un axeitado confort térmico no interior das instalacións.

Contesta a concelleira Susana García: está solicitado o sistema de climatización e tamén se puxo xa o sistema de calefacción e mellorouse a área de admisión para mellorar a accesibilidade.

O concelleiro pregunta se non hai unha solución provisional, ó que a concelleira responde que darán traslado.

7. Pregunta o concelleiro Pablo Vidal: Ao carón dunha pista de concentración parcelaria da parroquia de Beán, aproximadamente no punto de coordenadas 43°00'45.6"N 8°23'54.5"W, atópanse os restos do que semella unha queima de cable.

No que levamos de ano, desde o grupo municipal do BNG defendemos varios rogos denunciando a existencia de diversos vertidos:

- Xaneiro: Rogo sobre vertidos existentes no lugar de Fosado (Montaos), a carón da vía do tren.
- Abril: Rogo sobre vertidos existentes nas proximidades da vía Verde.
- Maio: Rogo sobre vertidos existentes nas proximidades da fonte do Sangriño (Parada).
- Xuño: Rogo sobre vertidos existentes nunha pista de concentración parcelaria de Bean.

De feito no mes de maio, xa amosamos a preocupación do BNG pola situación, demandando ao goberno municipal levar a cabo unha campaña informativa e de concienciación cara a veciñanza, informando das sancións que levan aparelladas este tipo de comportamentos, os custes que supón para as arcas municipais proceder coa retirada deste tipo de residuos depositados no monte, a agresión que supón cara o medioambiente, o incremento do risco de incendios e mais os medios dispoñibles para o axeitado tratamento deste tipo de residuos.

O certo é que pasado un mes desde o último pleno celebrado, non temos constancia no BNG de ningún tipo de publicación, campaña ou información a este respecto cara a veciñanza efectuada polo concello de Ordes.

Responde a concelleira Ana Soneira: darase traslado á brigada de obras, pero sinala que a persona encargada de facer a campaña está de vacacións.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Polo do PSOE, Noelia Rivadas:

1. Durante a execución da senda entre O Valado e a estación de Parada púidose comprobar a instalación dun punto de carga para bicicletas nun punto intermedio do percorrido.
Resulta chamativo que a súa localización non coincida co destino final da senda, a estación de Parada, que está plantexada como unha área de descanso e recreo.

Por todo o exposto, formúlanse as seguintes preguntas:

1. Que criterios técnicos ou funcionais se tiveron en conta para situar o punto de carga de bicicletas no actual emprazamento?
2. Valorouse a posibilidade de instalar este equipamento na contorna da estación de Parada, aproveitando a área de descanso e recreo prevista nese ámbito?
3. Considera o Goberno local que a localización actual é a máis axeitada para maximizar o uso e rendibilidade desta infraestrutura?
4. Existe a posibilidade de reconsiderar a súa ubicación ou de complementar a actuación coa instalación dun punto de carga na propia estación de Parada?

O Presidente manifesta que é unha actuación subvencionada, dacordo a un proxecto que hai que cumprir.

2.- Nas últimas semanas observouse a presenza de conos, valados e outros elementos ocupando diversas prazas de estacionamento na rúa Campomaior, impedindo o seu uso pola veciñanza sen que exista sinalización visible que informe da causa desta reserva de espazo ou da súa autorización administrativa.

Por todo o anterior, formúlanse as seguintes preguntas:

1. Ten o goberno local coñecemento sobre estas frecuentes situacións na vila?
2. Cal é o procedemento que segue o Concello ante estas situacións?
3. Considera normal o equipo de goberno que se ocupe a vía pública sistematicamente vulnerando a normativa municipal?

Presidente: esas sinalizacións referíanse aos lugares onde se ían facer as cachelas de San Xoan. Estaba coordinado coa Policía Local.

3.- A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, establece a obriga das persoas propietarias de manter limpas as parcelas situadas nas franxas de protección arredor das vivendas e núcleos de poboación. O prazo límite para realizar os traballos de limpeza e xestión da biomasa rematou o pasado 31 de maio, data fixada pola normativa autonómica.

Transcorrido xa ese prazo, continúan existindo numerosas fincas sen limpar nas parroquias, especialmente en zonas próximas ás vivendas.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Todo isto prodúcese nun contexto de temperaturas excepcionalmente elevadas durante o mes de xuño e tras os incendios rexistrados nos últimos días. Os expertos veñen advertindo de que a diferenza entre sufrir ou non danos nas vivendas durante este verán dependerá, en boa medida, do estado das franxas de protección e da eliminación da biomasa acumulada nas súas inmediacións.

Por todo o exposto, formúlanse as seguintes preguntas ao Goberno local:

1. Ten realizado o Concello algunha campaña específica de inspección para comprobar o cumprimento das obrigas de limpeza das parcelas nas parroquias unha vez rematado o prazo do 31 de maio?
2. Dispón o Concello dun inventario ou estimación das parcelas que continúan incumprindo a normativa de prevención de incendios?
3. Cantos requirimentos foron enviados ás persoas propietarias de parcelas sen limpar dende xuño ata a actualidade?
4. Iniciouse algún expediente sancionador ou de execución subsidiaria por incumprimento das obrigas de xestión da biomasa? En caso afirmativo, cantos?

O Presidente da lectura do informe do técnico municipal de medio ambiente, emitido ao respecto:

- “ 1. Con independencia das inspeccións que realiza a Policía Local ó longo do ano, o Concello, en virtude do novo Convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e Seaga, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, ó que está adherido formalmente dende o 06-03-2026, solicitou a SEAGA o 27-05-2026 a inspección das faixas secundarias polo que esperamos que proximamente nos fagan chegar os resultados de dita inspección. Xa se tiña solicitado outra inspección o 26-11-2025 que finalmente non se levou a cabo xa que nesas datas comezou a tramitarse este novo convenio.
2. Dispoñemos dos datos en que canto nos cheguen os resultados da nomeada inspección.

1. No mes de xuño de 2026 teñense tramitado 67 expedientes relativos tanto a fincas urbanas como de núcleo rural e rústicas.
4. Nos requirimentos de limpeza outórgase un prazo de 15 días para acometer os traballos, de conformidade co disposto na Lei 3/2007 de prevención de incendios, polo que de momento non se chegou aínda á fase sancionadora nin de execución forzosa en ningún de ditos expedientes.”

4.- Nos últimos anos, as comunidades educativas dos centros de ensino de Ordes veñen reclamando de forma reiterada un reforzo dos recursos humanos destinados á atención do alumnado. Trátase dunha demanda compartida polas ANPAS, polos equipos directivos e polo profesorado, que teñen advertido en numerosas ocasión da necesidade de contar con máis profesionais para responder adecuadamente á diversidade existente nas aulas e garantir unha educación inclusiva e de calidade.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Esta preocupación foi trasladada tamén ao ámbito institucional. De feito, no pleno municipal do pasado mes de outubro debateuse unha moción relacionada coa necesidade de incrementar os recursos humanos dos centros educativos do noso concello.

Aínda así, remata un novo curso escolar sen que, ata onde coñecemos, se producise unha dotación adicional de persoal que dea resposta ás demandas formuladas pola comunidade educativa de Ordes.

Recentemente, a Consellería de Educación anunciou a posta en marcha dun Plan de Impulso á Atención á Diversidade, que contempla o reforzo dos recursos destinados aos centros educativos.

Por todo isto, preguntamos ao Goberno municipal:

-Mantivo o goberno algunha reunión, contacto ou xestión coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para trasladar as necesidades dos centros educativos do municipio e solicitar que Ordes se beneficie da dotación de persoal prevista no marco deste novo Plan de Impulso á Atención á Diversidade?

-En caso afirmativo, que compromisos ou información foi trasladada pola Consellería ao respecto?

-En caso negativo, ten pensado o goberno local facer algo ao respecto?

Responde a concelleira Susana García: estamos en diálogo permanente cos centros educativos e con inspección educativa. Téñense en conta as necesidades e danse traslados; tamén se ten en conta o plan para a diversidade. Ata que se peche o prazo de matrícula hai que agardar para coñecer o impacto concreto. Este plan pervé medidas inclusivas.

5.- En diversas ocasións o grupo socialisa xa trasladou ao Goberno local a necesidade de manter en condicións axeitadas os ríos e regatos que atravesan o noso concello.

Como resposta a estas demandas, en varias ocasións trasladóusenos que a competencia corresponde a Augas de Galicia. Resulta evidente que, de ser así, o mantemento que se está a realizar é claramente insuficiente, dado o estado que presentan numerosos treitos dos cursos fluviais do municipio.

Ademais, existe xurisprudencia consolidada que establece que os concellos teñen responsabilidades en materia de conservación, limpeza e mantemento dos leitos fluviais nos seus tramos urbanos.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas:

1. Considera o Goberno local que o estado actual dos ríos e regatos nos tramos urbanos do municipio é adecuado?

2.- Que comunicacións ou requirimentos realizou o Concello ante Augas de Galicia para solicitar actuacións de limpeza ou mantemento nos ríos e regatos do municipio durante o presente mandato? Cal foi a resposta de Augas de Galicia?

3. Ten previsto o Goberno local acometer actuacións de limpeza e mantemento nos treitos urbanos? En caso afirmativo, en que zonas e con que calendario?



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Responde o Presidente: ríos en casco urbano só hai un. En núcleo rural fixéronse varias actuacións.

En casco urbano, fanse limpezaas cas correspondentes comunicacións previas, pero agora hai que actuar na zona de servidume. Fíxose un informe policial e requeriuse aos propietarios. Necesita drenaxe e limpeza que non cabe nunha comunicación previa, xa que ademais hai especies protexidas a ter en conta.

Polo BNG

1. Pregunta Manuel A. Villaverde.

Cónstanos que no centro sociocultural Isabel Zendal hai un problema co sistema de climatización, sendo numerosas as ocasións no inverno nas que fai moita calor e que no verán non funciona ben e non enfría o suficiente.

Tamén que no ximnasio do Campomaioir ultimamente non se puido poñer o aire acondicionado. É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

- Cales son os motivos deste mal funcionamento nos dous locais?

Responde a concelleira Susana García: non hai ningún problema de climatización pero nunca chove a gusto de todos e dependendo que quen esté suben ou baixan a temperatura. Tivemos que poñer unha caixa para protexer o sistema.

2.- Pregunta Avelino Candal:

No que vai de ano, producíronse catro avarías na rede de abastecemento de auga existente no tramo da avenida Alfonso Senra comprendido entre as rúas do Mediodía e cruce coas rúas do Recreo e Lagartos.

Tal e como fixemos constar desde o BNG no pleno ordinario do mes de marzo, no ano 2017 o actual goberno municipal decidiu proceder coa substitución das beirarrúas sen actuar nas redes de abastecemento de auga e saneamento.

Recentemente deron comezo as obras no Campo da Feira do Mesón do Vento, e no proxecto non se contempla a substitución da rede de abastecemento de auga nin da rede de saneamento.

É polo que, con ánimo de evitar que non se reproduza o mesmo problema que está a acontecer na avenida Alfonso Senra de Ordes, preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Levou a cabo algún tipo de estudo ou valoración do estado das redes de abastecemento de auga e saneamento no Campo da Feira do Mesón do Vento?

¿Comprobouse a completa existencia destas redes nas zonas obxecto de intervención?

O Presidente da lectura ao informe emitido pola empresa concesionaria, ESPINA Y DELFIN:

“JACOBO MORENO SANTOS, jefe del servicio municipal de aguas de Ordes, en relación con las obras de Humanización en el Campo da Feira en Mesón do Vento, informa:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Previamente al inicio de las obras y durante la ejecución de estas se recibió consulta por parte de la dirección de las obras para valorar la necesidad de la renovación de las redes existentes, y/o su extensión, indicando que no se ve necesidad de renovar las redes, y planteando la ejecución de preinstalación de acometidas particulares para las fincas que no disponían de servicios, para evitar demoliciones innecesarias en caso de solicitarse los servicios.”

O concelleiro solicita máis aclaracións ao que o presidente lle solicita que debe matizar a pregunta.

3.- Pregunta Pablo Vidal:

A ponte medieval de Pereira está a ser obxecto de intervención, existindo unhas balizas quelimitan a circulación pola zona.

Responde o presidente: é unha demanda deste goberno á Xunta dende 2024. Fíxose un proxecto arqueolóxico e logo farase a restauración para que esté todo listo en 2027.

O voceiro manifesta que se verteu zavorra cerca. É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte: ¿En que consiste a intervención que se está a efectuar na zona?

O presidente contesta que falará co personal de turismo sobre esta cuestión.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte horas e vinte e oito minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretaria certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo

A SECRETARIA EN RÉXIME DE ACUMULACIÓN
Marta Vázquez Garea

(asinado dixitalmente)